

## **NOTA DE PRENSA**

### **O Concello de Boiro inaugura a urbanización da praza de Insuachán, en Macenda**

**Boiro, venres 15 de maio de 2009.** O Concello de Boiro inaugurará mañá sábado, día 16 de maio, ás 13.00 horas, a urbanización da praza de Insuachán, na parroquia de Macenda, unha actuación na que se investiron 48.029 euros.

Esta praza, un agro tradicional rodeado de pequenas vivendas unifamiliares e alpendres, foi reformada para a súa recuperación como espazo de reunión. As obras consistiron na dotación dun pavimento pétreo homoxéneo, a supresión de barreiras arquitectónicas, a iluminación do entorno, e a recuperación de elementos singulares como as chantas de pedra do camiño de acceso, ou unha acequia de rego feita cunha canle de pedra.

Esta obra foi financiada integramente pola anterior Consellería de Medio Rural.

**Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro**